



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, dede 2014
A secretaria do concello

Rf. Bases/S/B31-13

ÍNDICE

- Artigo 1. Obxecto da licitación e autorización municipal
 - 1.1. Obxecto da licitación
 - 1.2. Autorización municipal: Natureza xurídica, características e contido
- Artigo 2 . Tipoloxía dos postos e actividade comercial
 - 2.1.-Tipoloxía dos postos
 - 2.2.- Actividade comercial.
- Art. 3. Requisitos dos solicitantes
- Art. 4. Adxudicación das autorizacións
- Art. 5. Prazo máximo para resolver
- Art. 6. Obrigas do adxudicatario.
- Art. 7. Solicitudes: forma e prazos de presentación.
 - 7.1. Forma de presentación
 - 7.2. Prazo de presentación
- Art. 8. Valoración das solicitudes. Comisión de valoración e procedemento
- Art.9.- Duración e extinción das autorizacións
 - 9.1. Duración das autorizacións
 - 9.2. Extinción
- Art. 10. Responsabilidade civil
- Art.11.- Cobertura de Vacantes
- Art. 12. Publicidade e impugnación



CONCELLO DE BUEU DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

Bases reguladoras da adxudicación de autorizacións para a instalación de postos de venda ambulante ou non sedentaria no mercado municipal dos luns e xoves de Bueu

Artigo 1. Obxecto da licitación e autorización municipal

1.1. Obxecto da licitación

As presentes bases teñen por obxecto regular a licitación pública para a concesión de autorizacións no mercado municipal de venda ambulante ou non sedentaria que garanta o sistema de concurrencia competitiva, mediante otorgamento dos títulos de ocupación do dominio público que procedan por aplicación dos arts. 86 e seguintes da Lei 33/03, de 03/11, de Patrimonio das Administracións Públicas, do capítulo II da Lei 17/09, de 23/11, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e polo Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

As autorizacións administrativas para a instalación de postos de venda ambulante ou non sedentaria concederanse **exclusivamente no mercado municipal periódico** recoñecido no artigo 5.1.a) da ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Bueu (B.O.P. núm. 95 de 19.05.2013) (en adiante, OVA), que se celebra todos os **luns e xoves de cada mes**, co horario previsto no art. 9 da OVA, na avda. Montero Rios do termo municipal, cun total de 12 (doce) prazas vacantes na actualidade coas seguintes características:

DIMENSIONS Mts. LINEAIS	UBICACIÓN	Núm. POSTO	Núm. VACANTES
3	Ver plano	11 e 52	02
4	Ver plano	24,28	2
6	Ver plano	3,30E+035	2
7	Ver plano	54 e 56	02
8	Ver plano	49, 50 e 57	03
12	Ver plano	51	1

Se, ao longo do procedemento, quedaran novas prazas vacantes no citado mercadillo municipal, incrementaríanse ás prazas sinaladas no parágrafo anterior.

1.2. Autorización municipal: Natureza xurídica, características e contido

As autorizacións municipais no mercado periódico municipal de venda ambulante ou non sedentaria terán natureza xurídica de autorización municipal de ocupación de dominio público para a súa utilización especial destinada á prestación de servizos particulares dirixidos ao público, non configurándose como una concesión administrativa senón como unha utilización de menor entidade que non xenera vínculo estable nin dereito no comerciante sobre o dominio público.

A autorización para o exercizo da venda ambulante ou non sedentaria terá unha duración limitada e será persoal e intransferible sen perxuízo da posibilidade de transmisión previa autorización municipal nos termos sinalados no Real decreto 199/2010. O Concello de Bueu reservase un dereito de tanteo ou adquisición preferente da totalidade das transmisións que sexan solicitadas. Este dereito executarase nun prazo máximo dun mes contado a partir da presentación da solicitude de transmisión de cedente e cesionario.

O concello poderá comprobar e inspeccionar, en todo intre, os feitos, actividades, transmisións e demais circunstancias da autorización concedida, así como o cumprimento das obrigas establecidas na normativa de aplicación e lles notificará, no seu caso, aos órganos autonómicos de defensa da competencia os feitos dos cales teñan coñecemento no exercizo das súas funcións que poidan constituir unha infracción da lexislación de defensa daa competencia.

A autorización debe definir os seguintes parámetros:

- Nome e apelidos ou denominación social, domicilio e DNI/CIF do titular da autorización e do vendedor ou vendedora autorizado e epígrafe do IAE.
- Número outorgado ao titular no rexistro municipal de comerciantes ambulantes
- Modalidade de venda ambulante que se autoriza.



CONCELLO DE BUEU DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, dede 2014
A secretaria do concello

- Determinación dos artigos que poden ser obxecto de comercialización, especificando as condicións particulares de hixiene ou seguridade especialmente necesarias para o caso.
- Determinación dos lugares e dimensións, así como dos días, horario e frecuencia para os que se autoriza o exercizo da venda ambulante.
- Determinación do número de persoas habilitadas para a venda baixo a dependencia do titular da autorización e identificación das mesmas.
- Referencia á obrigaón de coñecer e cumprir la normativa xeral de ordenación do comercio, a disciplina do mercado e a protección do consumidor.
- Condicións particulares ás que, no seu caso, quede suxeito o titular da autorización.
- Data da licenza e período de vixencia da autorización.

Artigo 2. Tipoloxía dos postos e actividade comercial

2.1.- Tipoloxía dos postos.

A tipoloxía dos postos atópase detaiada no artigo 11 da OVA e a súa numeración e distribución no plano a escala E:1/200 adxunto ás presentes bases elaborado polo administrador municipal da praza de abastos e de mercado municipal de abril de 2014.

Para o uso do comercio ambulante ou non sedentario será necesario o uso de instalacións desmontables e/ou transportables nos termos sinalados na OVA, suxeitando, en todo caso, as súas instalacións, ós condicionamentos sinalados tendo en conta que haberá de tratarse de instalacións desmontables de fácil transporte, e que reúnan condicións de seguridade salubridade e ornato público, quedando prohibida a exposición de mercadorías no chan.

Os postos desmontables deberán instalarse ocupando o lugar asinado e sen superar os límites de espazo asinados, segundo a superficie concedida non podendo superar a totalidade da instalación os metros detaiados na base primeira.

2.2.- Actividade comercial.

A actividade comercial virá referida aos produtos que tradicionalmente constituíron o obxecto deste mercado, dentro do marco establecido na OVA. Non se poderá conceder autorizacións para a venda daqueles produtos que a súa normativa reguladora así o prohíba consonte co art. 8 do Real decreto 199/2.010 podendo, ademáis, as autoridades sanitarias prohibir a venda de determinados produtos cando motivos de saúde pública o aconsellen. Neste senso, queda prohibida a venda de carnes, aves e cazas frescas, refrixeradas e conxeladas; de peixes e mariscos frescos, refrixerados e conxelados; leite certificada e leite pasteurizada; queixos frescos, requeixón, nata, manteiga, iogur e outros produtos lácteos frescos; pastelería e bolería rechea ou guarnecida; pastas alimenticias frescas e recheas; anchoas, afumados e outras semiconservas, así como aqueles outros produtos que polas súas especiais características a xuízo das autoridades competentes conleven risco sanitario e en xeral todo produto de alimentación. Queda expresamente prohibida a venda de animais vivos.

Dado o carácter singular da venda ambulante de produtos alimenticios, ademáis das condicións xerais que establecen para todos os postos de venda a ordenanza municipal, aqueles nos que se expendan produtos alimenticios deberán reunir as condicións hixiénico sanitarias e doutra índole que se establezan nas regulamentacións específicas dos produtos comercializados e instalacións e, en calquer caso para a venda de produtos alimenticios, será imprescindible posuír o carné de manipulación de alimentos, en vigor

Art. 3. Requisitos dos solicitantes

Poderán concurrir a esta licitación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou extranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, consonte coa lexislación mercantil e co establecido na lei do comercio interior de Galicia e para o exercizo da venda ambulante e non estén comprendidas nalgunho dos supostos de prohibición sinalados no artículo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en especial nos seus artigos 159.b) e 178.2.d). Requírese asimesmo do licitador, que os fins sinalados nos seus estatutos ou regras fundacionais, teñan relación directa coa actividade de venda ambulante que se vai exercer. Asimesmo os propoñentes deberán estar dados de alta nos epígrafes correspondentes do Imposto de Actividades Económicas.

En calquera caso, esixirásese o cumprimento dos seguintes requisitos:



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

- Estar dado de alta no réximen correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das súas cotizacións e no imposto de actividades económicas e, no seu caso, ao corrente no pago do devandito imposto
- Atoparse inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e dispor do correspondente documento acreditativo de tal extremo
- Cumprir os requisitos dos regulamentos de cada tipo de produtos.
- Estar en posesión, no seu caso, do certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos.
- Satisfacer as taxas e os tributos fixados na ordenanza fiscal correspondente.
- Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, si se trata de persoas extranxeiras.
- As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes aspectos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que firma a solicitude de autorización en representación da empresa.
- Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- Dispor da previa autorización municipal que sinalará o obxecto da venda que deberá manterse, para a súa exhibición, en lugar visible e permanente e estará sometida á comprobación previa polo concello do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor polo exercicio do comercio, así como do establecido pola regulación do produto para o cal está autorizada a venda
- Atoparse debidamente identificado como comerciante ambulante no xeito previsto no decreto 194/2001 de 26 de xuño

Art. 4. Adxudicación das autorizacións

A tramitación do presente expediente será ordinaria, e a forma de adxudicación será de concorrencia competitiva con dous criterios de adxudicación, sen que se teña en consideración o prezo en tanto non existe canon para estas autorizacións licenzas sometidas a licitación, senon a aplicación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con postos vixente na actualidade publicada no B.O.P de Pontevedra. nº 250 de 30.12.2005.

Só autorízanse un posto por solicitante.

A valoración das proposicións e a determinación das ofertas máis ventaxosas, descartado o prezo como criterio de adxudicación, deberá empregar máis dun criterio de adxudicación, para o cal neste prego se establecen os seguintes criterios obxectivos que haberán de rexir na adxudicación e que resultan do disposto na OVA:

A) Antigüidade na actividade 05 puntos

B) Situacións de carácter económico e social 15 puntos

As ofertas valoraránse aplicando aos criterios precedentes os puntos máximos de ata 05 e 15, respectivamente, según o seguinte baremo:

CRITERIO A: ANTIGÜIDADE NA ACTIVIDADE (0,25 puntos por ano cun máximo de 05 puntos)

Por acreditar ou propoñente, ou persoa, empregado ou socio que fará uso da citada autorización en nome da sociedade propoñente, unha antigüidade ininterrompida como vendedor ambulante en distintos mercadillos exercindo a actividade comercial.

Valorarase 0,25 puntos por cada ano da referida actividade comercial, acreditándose mediante a presentación de certificado emitido polo municipio en cuxo mercadillo se exercera dita actividade, debendo especificarse expresamente o tempo de prestación da actividade, ao obxecto de que poida ser computado. A fracción inferior a un ano non será computable.

CRITERIO B: SITUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO E SOCIAL (ata 15 puntos)

A concorrencia de específicas situacións de carácter económico e social, acreditadas mediante a presentación da documentación que acredite o nivel de ingresos coa presentación do documento de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas correspondente ao ano 2012, e a situación familiar coa presentación de copia compulsada do Libro de Familia, de acordo co seguinte baremo:

_ Renta anual per cápita na familia superior ao salario mínimo e inferior ou igual ao triple do salario mínimo interprofesional..... 1 punto



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

- _ Renta anual per cápita na familia superior ao salario mínimo e inferior ou igual ao salario mínimo interprofesional incrementado un 150%.....3 puntos
- _ Renta anual per cápita na familia superior ao salario mínimo e inferior ou igual ao dobre do salario mínimo interprofesional.....6 puntos
- _ Renta anual per cápita na familia superior ao salario mínimo e inferior o igual ao salario mínimo interprofesional incrementado un 50%.....10 puntos
- _ Renta anual per cápita na familia igual o inferior al salario mínimo interprofesional..... 15 puntos

A renda per cápita da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
 - As fillas e os fillos menores, con excepción dos que, con consentimento das nais e/ou dos pais, vivan independentes destes.
 - As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente en 31 de decembro do ano 2012.

- b) Tomarase o importe dos ingresos totais de cada un dos membros da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio 2012, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro e segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).
- c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar á que se refire a letra a) cando formara parte dela unha única persoa proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que a outra proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
- d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Non obstante, cando as circunstancias concorrentes na data da devindicación da declaración do IRPF non coincidan coas circunstancias do momento da presentación da solicitude de praza de venda ambulante, teranse en conta estas últimas, tanto para o cálculo da renda per cápita como para a aplicación do baremo e dos distintos descontos. En todo caso, estas circunstancias deberán xustificarse documentalmente no momento de presentación da solicitude.

A documentación acreditativa de dito baremo será a seguinte:

- a) Copia cotexada da declaración do IRPF ou, se é o caso, certificado emitido pola AEAT relativos ao ano 2012.
- b) Copia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.
- c) Copia cotexada ou dixitalizada do libro de familia ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- d) Certificado de discapacidade ou do grao e nivel de dependencia, se é o caso
- e) Copia da sentenza firme relativa á incapacitación das fillas e os fillos maiores de idade, se é o caso

Cando se produzan causas sobrevidas que afecten aos recursos da unidade familiar, poderán presentarse outros documentos que acrediten oficialmente a situación económica.

Non obstante a relación da documentación sinalada nos parágrafos anteriores, poderá a Comisión de valoración das solicitudes requirir ós interesados ou ós organismos correspondentes documentación



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

complementaria acreditativa da situación económico social do solicitante a efectos de realizar a citada baremación

Art. 5. Prazo máximo para resolver

O prazo máximo para resolver será dun mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Art. 6. Obrigas do adxudicatario.

Estarase ao disposto no artigo 15 da OVA e de xeito expreso deberanse respectar as prescricións que para este tipo de mercados establecen os arts. 8, 9, 10, 11 e 13 da OVA, en especial os referidos a horarios e as obrigas de limpeza do espazo ocupado.

Art. 7. Solicitudes: forma e prazos de presentación.

A solicitude de autorización municipal para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria no mercadillo municipal dos luns e xoves deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde, na oficina administrativa do Rexistro xeral municipal do Concello de Bueu, sito na planta baixa da casa consistorial, r. Eduardo Vincenti, núm 08, s/n, en horario de 8.00 a 14.00 (oito a catorce) horas de luns a venres e de 9.30 a 13.00 (nove trinta a trece) horas os sábados, no prazo de quince (15) días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación dun anuncio da convocatoria no B.O.P. de Pontevedra, ou por cualquiera de los medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992.

Cando as solicitudes sexan enviadas por correo, en aplicación do disposto no art. 80.4 do Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío nas oficinas de correos e anunciará a remisión da súa solicitude ao sr. Alcalde, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número de departamento de secretaria (986 322 099). Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude no caso de ser recibida con posterioridade a data da terminación do prazo sinalado no parágrafo primeiro das presentes bases. Transcorridos, non obstante, 05 (cinco) días seguintes á indicada data sen haberse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

Na solicitude deberá cumprir coas formalidades previstas no artigo 17 da OVA e, en todo caso, axustárase ao modelo de solicitude que figura como anexo ás presentes bases.

Cada solicitante non poderá formular mais dunha solicitude.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación da solicitude supón a aceptación incondicionada polo interesado do contido da totalidade das cláusulas ou condicións destas bases, sen salvidade ou reserva algunha.

As bases e a licitación publicárase no Perfil do Contratante a partir da publicación do anuncio da convocatoria no BOP, así mesmo será publicada a adxudicación e calquera outro dato e información referente ao procedemento. Si dentro do prazo de 8 días de exposición das bases no perfil do contratante, se formularan reclamacións contra as mesmas, suspenderase a licitación e o prazo para a presentación de solicitudes, reanudándose o que reste a partir da data seguinte á da resolución daquelas.

As presentes bases estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes de autorizacións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En materia de aclaración do contido das presentes bases, os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convintes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule

O acceso público ao perfil do contratante efectuarase a través do portal da web municipal



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

(www.concellodebueu.org).

Á solicitude deberá unirse unha declaración responsable, segundo o modelo establecido no anexo destas bases, na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:

- Que cumpre tódolos requisitos establecidos para o exercicio da venda ambulante na comunidade autónoma de Galicia e que está inscrito no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia, regulado polo Decreto 199/2001 de 26 de xullo, e que tal inscrición está vixente na data da declaración.
- Que está en posesión da documentación que así o acredita a partir do comezo da actividade.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo da vixencia da autorización. Que non vai proceder a venda de artigos distintos dos solicitados e en todo caso, daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que acatará toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na lexislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos. A declaración responsable, comprenderá, ademais, os seguintes extremos:
 - a) Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pagamento da tarifa. A circunstancia de estar dado de alta e ao corrente do pagamento do imposto de actividades económicas ou, se é o caso, no censo de obrigados tributarios, deberá ser acreditada, a opción do interesado, ben por el mesmo, ben mediante autorización á administración para que verifique o seu cumprimento
 - b) Observar ao corrente no pagamento das cotizacións da Seguridade Social.
 - c) Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora dos postos e do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.
 - d) No caso de estranxeiros, deberá acreditarse, estar en posesión do permiso de residencia e de traballo ou documentación que xustifique que está en trámite de obtela ante o organismo competente, os devanditos permisos.
 - e) Cando o venda se realice por persoa distinta do titular da licenza, acreditación do correspondente contrato laboral e alta na Seguridade Social.

Á declaración responsable deberán unirse a documentación acreditativa do cumprimento dos criterios de valoración que van a servir de base para a adxudicación. En calquer caso, a totalidade da documentación sinalada na declaración responsable deberá estar en posesión do comerciante e presentada sempre que lle sea requirida

Art. 8. Valoración das solicitudes. Comisión de valoración e procedemento

O órgano encargado de valorar as solicitudes será unha Comisión de Valoración composta polo Alcalde que actuará como presidente da Comisión, o concelleiro delegado do servizo de mercado de vanda ambulante, o Interventor do Concello, o Tesoureiro do concello e a Secretaria do Concello, que actuará como secretaria da Comisión.

Dentro dos cinco días hábiles seguintes ao de terminación do prazo de presentación de solicitudes de autorización, a comisión de valoración procederá a comprobar se as solicitudes cumpren coa totalidade dos requisitos esixidos nas presentes bases. Se a comisión observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada o comunicará, de ser o caso por terlo sinalado na solicitude de autorización, por correo electrónico aos interesados e, en todo caso, o anunciará no taboleiro de anuncios do concello e no perfil do contratante, concedendo un prazo non superior a tres días hábiles para que os solicitantes os corrixan ou subsanen.

A comisión, unha vez comprobada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, elaborará unha lista de solicitudes admitidas e excluídas e sobre as causas do seu rexeitamento.

Ás 12 horas do décimo día hábil seguinte ao da terminación do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, a comisión procederá á baremar as solicitudes que houberan sido admitidas consonte os criterios de baremación sinalados nas presentes bases. Se este día caera en sábado, trasladarase ó inmediato hábil seguinte. Efectuada a baremación emitirase un listado provisional da adxudicación das autorizacións de postos no mercado ambulante que conteña as solicitudes admitidas, as excluídas e os motivos de exclusión e a valoración das solicitudes admitidas ordeadas por orde de puntuación. O listado será publicado no taboleiro de anuncios do concello e no perfil do contratante poidendo formularse reclamacións contra o mesmo polo prazo de 5 días hábiles que deberán ser resoltas pola comisión de



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

valoración. No caso de non formularse reclamacións contra o listado provisional da adxudicación das autorizacións de postos no mercado ambulante será elevado a definitivo de xeito automático, dando traslado do mesmo á Xunta de goberno local para que resolva o procedemento de licitación.

Os empates na puntuación resultado da baremación efectuada pola comisión serán resoltos a favro do solicitante que obtivera máis puntuación polo criterio B "SITUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO E SOCIAL". No caso de persistir o empate resolverase por sorteo

Unha vez recibida comunicación favorable á solicitude de autorización en base ao listado definitivo da comisión de valoración e como trámite previo ao otorgamento da licenza, os solicitantes, co obxecto de obter ésta, deberán presentar, no prazo de 15 días hábiles, a seguinte documentación, nos termos definidos no artigo 17.2 da OVA:

- Fotocopia da tarxeta acreditativa de inscrición no Rexistro de Comerciantes Ambulantes de Galicia, debidamente actualizada.
- Fotocopia do DNI/CIF e NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro, deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e traballo ou da tarxeta de residencia en vigor, segundo se trate de estranxeiros de países non comunitarios ou comunitarios, respectivamente.
- Alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
- Fotocopia do último recibo do Seguro Autónomo orixinal ou alta no mesmo.
- Se a licenza afecta á venda de produtos alimentarios, deberá achegar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
- Declaración xurada na que o solicitante manifieste coñece-las normas ás que debe axustarse a súa actividade, e o seu compromiso a observalas.
- Certificado de atoparse ó corrente de pago nas obrigas tributarias co Concello e da Seguridade Social, ou xustificante que acredite o aprazamento do pago. Sen perxuízo do disposto na Lei 30/92, poderase reclamar ó solicitante calquera información ou documentación adicional que se considere necesaria, co fin de verifica-los datos aportados polo interesado.
- Copias compulsadas dos contratos de traballo que acrediten a relación laboral das persoas que vaian desenrolar a actividade no nome do titular, cando éste sexa persoa xurídica.
- Documentación acreditativa da constitución legal e inscrición no oportuno Rexistro Mercantil, para o suposto de que se trate dunha persoa xurídica.

Art. 9. Duración e extinción das autorizacións

9.1. Duración das autorizacións

A duración máxima das autorizacións reguladas nesta convocatoria será dun ano natural, segundo a regulación contida no artigo 19 da OVA.

Rematado o primeiro exercizo os titulares das autorizacións estarán obrigados a acreditar anualmente perante o Concello, no primeiro trimestre de cada ano, atoparse ao corrente da súas obrigas coa Seguridade Social, a Administración Tributaria e Local, así como o pago do correspondente seguro de responsabilidade civil, inscrición no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia e acreditación das demais circunstancias esixibles ao abeiro do art. 19 da OVA.

9.2. Extinción

A extinción das autorizacións reguladas nesta convocatoria se realizará por algunhas das causas contidas no artigo 24.6 da OVA.

As autorizacións outorgadas serán revocadas polo incumprimento sobrevido dos requisitos establecidos na presente ordenanza, ou polo falseamento da documentación presentada xustificativa do cumprimento dos requisitos sinalados, así como por motivos de interese público debidamente xustificadas ou a desaparición das circunstancias que as motivaron sen que por elo xenere dereito a indemnización e/ou compensación algunha

Art. 10. Responsabilidade civil

Cada adxudicatario será responsable dos danos e perxuicios que se causen a terceiros como consecuencia da actividade de venda ambulante sometida a licenza, debendo contar co correspondente seguro de responsabilidade civil, que cubra suficientemente os riscos derivados da súa actividade, póliza que deberán presentar para facer efectiva a adxudicación de cada autorización de instalación de postos de venda ambulante no mercadillo semanal



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer
constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión
ordinaria celebrada con data de -----
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

Cada adxudicatario será responsable dos actos ou feitos que se deriven do exercicio da súa actividade mercantil.

Art.11.- Cobertura de Vacantes.

Cós comerciantes que non houberan obtido posto realizarase unha bolsa aos efectos de cobertura de vacantes, ordeada en función da puntuación obtida que será aprobada pola Xunta de goberno local e que terá unha vixencia de dous anos dende a súa aprobación.

A proposta de adxudicación dos postos vacantes ao longo da vixencia da bolsa será notificada ao interesado, seguindo a orde da bolsa, quen manifestará a súa aceptación nun prazo máximo de 05 días hábiles a contar dende a data seguinte á de recepción da notificación, entendiéndose decaído no seu dereito en caso de non aceptarse.

Non serán admitidas novas solicitudes ao longo da vixencia de dita bolsa debendo, unha vez concluída a vixencia da mesma e nos termos sinalados na OVA, no seu caso, convocar un novo procedemento de adxudicación dos postos vacantes.

Art. 12. Publicidade e impugnación

O texto íntegro das bases publicaranse no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no perfil do contratante do xeito indicado na base sétima.

A presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida, potestativamente, nos termos e prazos previstos nos artigos 116 y 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou directamente, mediante a interposición de recurso contencioso administrativo (artigo 46 Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa).

Bueu, 21.04.14

O concelleiro delegado do mercado ambulante (RA 14.06.11)

Asdo.: Fidel Castro Quiroga



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de de de 2014
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

A N E X O

DEPARTAMENTO SECRETARIA	EXPTE Nº:S/V.A/...-...	REXISTRO DE ENTRADA (sello)
--------------------------------	-------------------------------	------------------------------------

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA NO MERCADILLO MUNICIPAL

SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):
Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país):
Nº teléfono/Fax/Correo electrónico
C.I.F./N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:

Obxecto social ou actividade:

Epígrafe/s do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

REPRESENTANTE

Nome e apelidos:
Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)
N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:
Nº teléfono y Fax para notificacións
Poder: Escritura Nº Notario D/Dª
Localidade.....Data.....

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpre cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como na ordenanza municipal reguladora da mesma solicita a preceptiva autorización municipal para venda ambulante ou non sedentaria no mercadillo municipal periódico nos seguintes termos:

1 Modalidade de venda ambulante interesada (marque cunha "X" a modalidade correspondente)

Venda ambulante en mercados periódicos

OBSERVACIÓNS:
.....
.....
.....
.....
.....
.....



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de de de 2014
Bueu, de de 2014
A secretaria do concello

2 Datos da venda ambulante interesada	
GRUPO IAE:.....	Nome comercial da actividade (opcional)
PRODUTOS COMERCIALIZADOS: <input type="checkbox"/> Alimentación, bebidas,... <input type="checkbox"/> Produtos ecolóxicos <input type="checkbox"/> Confección, calzado, artigos de couro, ... <input type="checkbox"/> Complementos de beleza, perfumería, droguería... <input type="checkbox"/> Artigos de equipamento do fogar e ferretería,... <input type="checkbox"/> Xoguetes <input type="checkbox"/> Prantas <input type="checkbox"/> Outros.....	MEDIO DE EXPOSICIÓN E VENDA DA MERCADORIA <input type="checkbox"/> Posto desmontable <input type="checkbox"/> Outros (especificar): MODELO E CARACTERÍSTICAS DO MEDIO UTILIZADO (cando proceda): Modelo: Dimensións: Outras características:
POSTO DE VENDA AMBULANTE: (indicar número/s do/s posto/s interesados e a súa orde de prelación)	

A tal efecto acompaña a declaración responsable establecida nas bases reguladoras da convocatoria da venda ambulante ou non sedentaria
En Bueu, a.....de.....de 20....
Asdo:.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o Concello de Bueu con domicilio en r. Eduardo Vincenti, núm. 08 Bueu (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

ANEXO Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA

Nome e apelidos:
Enderezo (rúa, número, c.p., poboación, provincia e país)
N.I.F./Tarxeta residencia ou permiso de traballo:
Nº teléfono y Fax para notificacións



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

DILIXENCIA: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por acordo da Xunta de goberno local na sesión ordinaria celebrada con data de -----,----- Bueu, dede 2014
A secretaria do concello

En nome propio ou en representación de

DECLARO RESPONSABLEMENTE

- 1.- Que cumpro tódolos requisitos establecidos pola normativa vixente para o exercizo da venda ambulante na Comunidade autónoma de Galicia, que estou inscrito no rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia, e que tal inscrición atopase vixente na data desta declaración.
- 2.- Que estou en posesión da documentación que acredita o sinalado no parágrafo anterior a partir do comezo da actividade, así como a esixible acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria
- 3.- Que me comprometo a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización
- 4.- Que non vou a proceder a venda de artigos diferentes dos solicitados e en todo caso daqueles que teñan prohibida a súa venda ambulante así como, de selo caso, que cumprire toda a normativa que regula os principios e os requisitos xerais na legislación alimentaria relativos á seguridade alimentaria e de manipulación de alimentos
- 5.- Que estou dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente, de ser o caso, no pago do devandito tributo
- 6.- Que estou ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social
- 7.- Que os postos e os produtos de venda reunén as condicións esixidas pola normativa reguladora dos mesmos para a súa venda ambulante ou non sedentaria

DOCUMENTOS QUE SE ADXUNTAN

- o Fotocopia CIF/NIF/ Tarxeta residencia ou permiso de traballo
- o Documento constitución entidade, e no seu caso, debidamente inscrita e acreditación da representación nos casos no que proceda.
- o Acreditación documental das circunstancias avaliáveis no procedemento de adxudicación en réximen de concorrencia competitiva:
.....
.....
.....
.....

NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón que "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación. ")

Bueu, a.....de.....de 20.....
Asdo.:.....